


Polos carreiros do Miño e a Ribeira Sacra:




De Pesqueiras á Calzada Romana de Belesar

Anxo Moure

Estamos no corazón da Ribeira Sacra entre os concellos de O Saviñao e Chantada, tendo como eixo o pai dos ríos galegos, o Miño. Opatrimonio histórico-artístico (tres igrexas románicas, unha calzada romana, varios pazos, muiños...), a diversidade ecolóxica (ducias de tipos distintos de fauna e flora), a etnografía (vellos oficios, barqueiros, cesteiros..) e a riqueza gastronómica e vinícola (en especial do viño da Ribeira Sacra), garanten a todo aquel que se decida a percorrela a lembranza dunha viaxe inesquecible nun dos tesouros de Galiza.

Recomendamosvos o Outono para percorrer iste carreiro, pola plasticidade dos tonos ocres das viñas e do bosque, e tamén o verán polo baño no Miño e as sombras das fragas. Iso sí, sempre é cáseque obrigado para os adultos beber un vaso do viño da ribeira que nos achega a través do gusto tódalas sensacións dunha terra, dun río e das súas xentes.



1 Inicio do percorrido

Datos do roteiro.

Kilómetros (aprox): terra, 8,5 kilómetros; estrada, 2,5 kilómetros.

Tempo (aprox): a pé, 5 horas; en bici, 2 horas.

Dureza: Mínima (coidado nas baixadas)

Sinalización: boa

Enlaces: cos roteiros a Mourulle (Taboada) ou a Peares (na confluencia do Sil e Miño) e San Estevo de Rivas do Sil (Mosteiro) en Nogueira de Ramuín.


Bibliografía: Luscencia - 15 - "Os barqueiros da Ribeira Sacra" de Xose M. Rodríguez (moi recomendable).

Mais información: A Charca-senderismo ten editado un díptico cos carreros. Apt. 35 Chantada. Tfno 982162582

O ROTEIRO

Partimos de Chantada, onde ollamos ao lonxe a mítica Serra do Faro no centro de Galiza. Na vila pódese disfrutar do entorno da zona vella coa casona de Lemos (medieval) onde hoxe está a biblioteca e casa da cultura, resaltando os soportais e as rúas empedradas. Pode ser bo momento para lembrar as lendas na historia do Concello "parece ser que o demo e a nai viaxaban polas ribeiras do Miño voando na súa vasoira, e tanto se fartou o demo da nai que ao chegar á Fonte Arcada (o que hoxe é Chantada) tirouna ao chan berrándolle -Aí te quedas, chantada-".

Dende a Vila partimos na N-540 cara Lugo e antes de chegarmos á Estación de Servicio desvíamonos á dereita pola estrada que conduce ata o encoro de Belesar. No lugar de Pesqueiras ollaremos o Pazo do Piñeiro, unha xoia en período de restauración na que resaltaremos toda a arquitectura mais tamén un teixo vello probablemente milenar. Aquí iniciaremos o percorrido a pé ou en bici. Cincocentos metros cara adiante atopámonos no lugar de Soilán, e ao rematar iste camiño que colle cara a esquerda



vainos levar até o cruceiro do Outeiro dende onde un pequeno carreiro parte cara o río. Seguindo iste carreiro (o vello camiño da Virxe) atopámonos un souto de impresionantes castiñeiros que nos conducen até a fonte da Virxe e ao remate da mesma á Igrexa de Pesqueiras, románico do século XII que foi mosteiro catalogado como Monumento Nacional, dende onde ollamos o Miño encorado en Belesar. Ben sinalizado coas marcas do senderismo, por riba da igrexa parte un camiño entre viñas, adegas e fontes moi ben conservado que en media hora déixanos na estrada cara o encoro, ao que chegamos e cruzamos en pouco máis de quince minutos.

Seguindo o noso camiño atopamos a estrada C-533 Monforte-Chantada que debemos cruzar seguindo a indicación de San Estevo de Rivas do Miño, que nos leva ate o vello mosteiro do século XII-XIII do que temos a obriga de observar o rosetón, campanario, os contrafortes e mesmo os músicos tallados na fachada. Estamos xa no Concello de O Saviñao.

A carón do mesmo unha escaleira lévanos de novo até o carreiro, que agora continua por encima do río Miño entre carballos e castiñeiros nunha paisaxe que ben supera o califativo de fermosa. Tres cuartos de hora de camiñata adéntrannos nunha pequena estrada cara a igrexa de Diamondi (século XII). Por baixo dela entramos no tramo mais vello do roteiro. Trátase dos "codos" de Belesar, unha vella calzada romana adentrada nun bosque pecho antergo camiño de peregríns e que nos fai lembrar outros tem-

pos cando os romanos achaban tesouros na natureza nestas terras que lamentablemente hoxe non sabemos apreciar. Cando diante de nós se abre o imenso río Miño e podemos ollar as ribeiras de Chantada, é de obrigado



berrar con forza cara a outra beira o nome de ¡Papeiros!, vello alcume dos ribeiros chantadinos, que nos respotarán co nome de ¡Rabudos!. Ó parecer as influencias xudeas das terras de Lemos -Rabino- e as católicas da comarca de Chantada -Papa- marcaron isies ancestrais berros que aínda hoxe se conservan.

Antes de achegarnos ao lugar de Belesar disfrutaremos dunha das sensacións máis fermosas do percorrido: amodiño que percorremos a vella calzada, nos codos vaise abrindo no noso ollar paseniñamente e con toda a forza o poderoso Miño encañonado nas ribeiras cara o lugar de Os Peares. A sensación pode ser irreplicable, mais o que a ben seguro aproveitamos dela é o descubrimento do grande eixo ecolóxico de Galiza, o río Miño, lamentablemente esquentado e estragado.

En poucos metros adentrámonos na aldea de Belesar, fermosa en sí mesma ao parecerse a un porto mariñeiro no interior da Galiza, de brancas fachadas as súas casas con acristaladas galerías dende onde se olla o manso transcurrir do Miño.

Nas beiras do río, aló pousadas nunha pequena praia de area, fican semiafundidas as chamadas barcas do Miño. Constitúen, nalgúns casos, un dos tesouros etnográficos deste entorno, con dúas tipoloxías: a de Portomarín mais a de Chantada; nista última está formado o costelar por tres ou catro domos lonxitudinais, lixeiramente curvados nos extremos, cunha forma cuadrangular na que non se diferencia a proa e a popa.

As barcas lémbrenos o oficio desa-



O BARQUEIRO DO MIÑO

parecido de barqueiro e o emprego distas na pesca no vello Miño e no transporte de mercadurías e persoas dunha a outra beira. O encoro de Belesar fixo que xunto con moitas xoias da nosa historia desaparecesen oficios coma iste. As barcas empréganse hoxe en menor medida para carretar os cestos (culeiros) de uvas. Debérase dende os concellos ou a Xunta de Galicia acometer a súa recuperación e rendabilizalas dun xeito turístico e pedagóxico.

Cruzamos o Miño dende O Saviñao para Chantada, nunha ponte que substituíu á anterga cando se construíu o encoro. Xa en Belesar de Chantada podemos partir cara a Os Peares por uns carreiros sinalizados (aproximadamente 29 kilómetros) ou ben continuar polos codos cara Chantada.

Para iso debemos seguir as indicacións e camiñar cara arriba cruzándonos en ocasións coa estrada que conduce de Belesar a Chantada. Ao chegar ao lugar de "Os Queixeiros" debémonos desviar á dereita nun carreiro de terra ben indicado que nos vai ofertar a unión dos ríos Asma e Miño dende o alto.

Cómpre resaltar de novo os soutos de castiñeiros e as viñas e adegas que enmarcan todo o camiño.

Ollaremos a ferverza do Asma e cruzaremos iste por unha vella ponte. Aquí podemos partir río arriba descubriendo os vellos muíños e unha anterga fábrica da luz abandonada (cun ben diferente impacto medioambiental que a actual mini-central do Asma, o que amosa que antes facían as cousas ben e a xeito). Se seguimos o carreiro atopáremonos en poucos metros de novo na estrada C-533 Lalín-Monforte que debemos cruzar para, ao carón dunha adega industrial, camiñar cara a Tarrío e San Fiz para achegármonos ao inicio da ruta no lugar de Pesqueiras onde rematamos camiño.

Ben entrada a tarde o viaxeiro partiu hoxe cara o lugar de Belesar, atrás dexou o Asma e o que chaman "Convento", adentrouse en Lincora ollando ao lonxe a igrexa de Camporrarniro. Facíase acompañar ben sabedes por dous pequenos escudeiros, mozo e moza, que xa ollaban con asombro as primeiras flores nas cerdeiras da ribeira.

A baixada era complexa, encadenábanse as curvas coma se de inmensos torqués celtas no camiño se tratase, adornando o infindo carreiro.

Cruzaron co vento na faciana os lugares de Ermida e Os Queixeiros para ollar a carón das viñas o inmenso río, manso no lugar que chaman de Belesar. A curiosidade fixo que pousaran a bici a carón da ponte e baixaran cara as vellas barcas do Miño, entre Chantada e O Saviñao. Con mágoa olláronas semi-afundidas unhas, estragadas as outras, sentáronse nun embarcadero por baixo dunha laranxeira e quixeron lembrar.

Escoitaron ao lonxe os berros da xente que chamaba ao barqueiro e imaxinaron ao vello cruzando máis unha vez o Miño, levando cestos de uva nova, años ou mesmo pitas e verdura cara o vello camiño real para a feira de Monforte.

Os remos cravábanse no río e debuxaban arcos infindos palmo a palmo entre a suor do barqueiro vello.

Facíase noite e o viaxeiro partiu, pasou baixo o carballo novo e ollaron dúas nogueiras. Un ancián preguntou se viran o barqueiro e no seu esquecemento eles afirmaron que aló embaixo aínda cruzaban as xentes.

Ao chegar a Chantada no alto sentiron o vo manso das cigoiñas do convento e os nenos escudeiros do viaxeiro, non lles poideron contar como cruzaran o Miño na barca aquela do vello barqueiro.

Anxo Moure.
Garabelos-Mariz (Chantada)

FLORA DO BOSQUE DA RIBEIRA CHANTADINA

Elias Varela

SITUACIÓN FLORÍSTICA:
REINO HOLÁSTICO
REXIÓN EUROSIBERIANA
PROVINCIA ATLÁNTICA
REXIÓN MEDITERRÁNEA
PROVINCIA CARPETANO-IBÉRICO-LEONESA

A Ribeira do Asma sitúase nesta última provincia

CARBALLEIRA TÍPICA

- *Quercus robur* Carballo
- *Quercus suber* Sobreira
- *Quercus pyrenaica* Cerquiño
- *Castanea sativa* Castiñeiro
- *Pyrus cumunis* Pereira
- *Crataegus monogyna* Escambrón
- *Salix atrocinerea* Salgueiro
- *Praxinus excelsior* Freixo
- *Betula vevucosa* Bidueiro
- *Prunus spinosa* Bruñeiro
- *Laurus nobilis* Loureiro
- *Conylyllus avellana* Avelaira

SOTOBOSQUE

- Estracto arbustivo:
- *Rubus sp.* Silva
 - *Ulex europeus* Toxo
 - *Cytisus scoparius* Xesta
 - *Cytisus lusitanica* Xesta
 - *Ruscus aculeatus* Xilbardeira
 - *Hedrah helix* Hedra

Estracto herbáceo:

- *Euphorbia amygdaloides* leiteniña
- *Asphodelus albus* Arbótega
- *Anthoxantum adoratura*
- *Simethis bicolor*
- *Potentilla erecta*

Fentos:

- *Polystidium filix-mas* Fento macho
- *Polypotium vulgare* Fento das pedras

Estrato muscinal

- *Pseudosderopatum purum*
- *Thuidium tamariscirum*
- *Hypnum cupressiforme*
- *Rhiza delpus loreus*
- *Polytychastrum formosum*
- *Diplophyllum albicans*